

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de setembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezaseis de setembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1448).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1449).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DO “PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DE AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO E ZONA COMPLEMENTARIA E EXPLOTACIÓN COMERCIAL”. EXPTE. 605/410.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 11.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Tomar en consideración o Proxecto de Plan Económico-Financeiro da Concesión de “Obra Pública de Auditorio Pazo de Congressos de Vigo e Zona Complementaria e explotación comercial”, remitido pola entidade concesionaria “Pazo de Congressos de Vigo, S.A.” como documento adxunto ó Proxecto Básico da Obra Pública modificada, aprobado segundo acordo da Xunta de

Goberno Local do 07/07/2008, e prestar aprobación provisional ó mesmo, se ben o seus efectos e eficacia supeditáanse ás disposicións recollidas nos apartados números 2 e seguintes da presente proposta.

Segundo- O Órgano de Contratación comprométese á revisión do Plan Económico Financeiro e ó inicio da tramitación para a súa aprobación definitiva, no prazo máximo de tres meses, contados a partir do seguinte ó da data da firma da Acta de Recepción das obras construtivas do proxecto, cuxa execución e explotación constitúe o obxecto da concesión administrativa outorgada a favor da entidade “Pazo de congresos de Vigo, S.A.” segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 06/03/2003.

Terceiro- O amparo da previsión contida no artigo 248, en relación co artigo 250, do RDL 2/2000, segundo modificación introducida a través da Lei 13/2003, a Administración Municipal establecerá as medidas a adoptar en corrección dos desequilibrios que se aprecien na explotación, previa acreditación da entidade concesionaria, como consecuencia da redución das superficies destinadas a zona complementaria (usos: aparcadoiro, hotel, comercial e oficinas).

Cuarto- En concordancia co exposto no apartado precedente a ampliación do prazo de concesión, instado pola entidade adxudicataria, así como a posibilidade de asignar subvencións á explotación das actividades a desenvolver na Zona Complementaria, tamén solicitadas, adecuarase ás que resulten da análise económica-financeira do proxecto definitivo (mediante a consideración dos seguintes parámetros: Volume real de investimento, menores ingresos obtidos na explotación da Zona Complementaria como consecuencia da redución de superficies, determinación ex-novo dos gastos de explotación) en termos proporcionalmente homoxéneos ás hipóteses formuladas na oferta económica do concurso (idéntica prognose de demanda e tarifas, o que supón a equivalencia de ingresos) de tal sorte que a TIR (Taxa Interna de Retorno) do proxecto consolidado (Auditorio e Zona Complementaria) para o seu nivel mínimo de ingresos se sitúe no entorno do 6,31%.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.